

Desde os 16 ata os 99 anos




A praia dos afogados de Domingo Villar

Nunha praia de Panxón, na ría de Vigo, aparece o cadáver dun mariñeiro coas mans atadas cunha brida de plástico. Os veciños falan dun suicidio, mais as primeiras investigacións amosan unha realidade diferente que levará o inspector Leo Caldas a mergullarse no ambiente mariñeiro da vila, nun universo onde o vento funga historias de naufraxios e de heroes que venceron o mar. Despois do éxito de Ollos de auga, Domingo Villar (Vigo, 1971) volve introducir o lector nunha intriga sen acougo. Unha pescuda policial que, en A praia dos afogados, tamén é unha esculca na memoria e nas ilusións fanadas.

El símbolo perdido de Dan Brown

O autor do *Código da Vinci* e *Ángeles y demonios* publica agora esta novela na que o protagonista, novamente Robert Langdon, se verá inmerso nun mundo clandestino de segredos masónicos, historia oculta e escenarios nunca antes vistos, atrapado entre as esixencias dunha mente perturbada e a investigación oficial.



Sol de invierno de Rosa Aneiros

Novela comprometida, densa e cun pouso de lirismo que debuxa o periplo vital dunha personaxe: Inverno. A protagonista habita diversos escenarios que nos conducen desde a perdida aldea de Antes a Barcelona, para relatarnos a crueldade da guerra; e logo ás circunstancias da fuxida a Francia; ao emblemático barco Ipanema; ao longo exilio cubano; á revolución castrista; e mesmo á viaxe ao París do maio do 68. Será en Cuba onde atopamos o pouso da emigración e dos descendentes dos cimarróns, da memoria infnita da tata Luzdivina e do cheiro das follas de tabaco do bisavó Andrés, un escenario clave para entender a singradura dunha protagonista que turra por volver a Antes.



La noche de los tiempos de Antonio Muñoz Molina

Un día a finais de outubro de 1936 o arquitecto español Ignacio Abel chega á estación de Pennsylvania, última etapa dunha longa viaxe desde que escapou de España, vía Francia, dexando atrás á súa esposa e fillos, incommunicados tras un dos múltiples frontes do país xa en guerra. Durante a viaxe recorda a historia de amor clandestino coa muller da súa vida e a crispación social e o desconcerto previo que precederon ao estalido do conflito fratricida.




Unha primavera para Aldara de Teresa Moure

Peza teatral que se desenrola no interior dun mosteiro na Galicia do século XV mentras no exterior explota a Revolución Irmandiña contra os abusos dos nobres feudais. Ao convento chega don Nuno, un cabaleiro irmandiño gravemente ferido na batalla. As regras non permiten presenza masculina no mosteiro, pero Aldara, a abadesa decide poñer por diante a compaixón e acoller ao forasteiro. Mais unha decisión como esta no convento serviu como detonante dun enfrontamento de posturas entre as monxas que rematará nunha traizón.

El hombre inquieto de Henning Mankell

O último libro protagonizado polo inspector Kart Wallander, que se esvaecerá nun retiro tras este caso. A súa filla Linda acaba de convertilo en avó e a súa tranquilidade verase perturbada pouco despois pois o seu sogro desaparece nun bosque cercano a Estocolmo. Wallander ten que implicarse na investigación, sobre todo cando unha segunda persoa desaparece en misteriosas circunstancias.




Nadal - felerpas - Navidad - libros - portal - Sărbători Ferice
- arbore - libros - Christmas - turrón - agasallos - libros - Jan-
naren Jaiotza - tarxetas - Reis - libros - Noel - Pascua - Ani-
novo - libros - Natal - nacemento - campás - libros - Natale -
renos - familia

www.bibliovilarponte.blogspot.com

Correo-e: bibliovp@gmail.com

Desde os 12 anos



Cuando Verne fondeó en la ría de Vigo de Paco Climent

Un rapaz de quince anos, Pepe Varela, acompañado do arqueólogo e humanista Wenceslao Viñal, trata de impedir que algunhas compañías estranxeiras saqueen os tesouros dos galeóns afundidos durante o século XVIII no estreito de Rande. Para iso solicita a colaboración dos seus amigos Bruno e Isabelle, coa que ademais manterá unha especial amizade. E pide, tamén, axuda ao famoso escritor Xulio Verne, que no 1878 visita a cidade galega no seu barco, o Saint-Michel.

Valados de Agustín Fernández Paz

Helena e Xoel son amigos inseparables, non hai horas que lles cheguen para estaren xuntos. Na súa vila comezan a suceder feitos que os desacougan; semella que un vento estraño varreu a alegría das rúas e deixou no seu lugar odio, xenreira e medo. Axiña se erguen altos valados para separar e illar unhas persoas doutras. Valados visibles, e tamén invisibles, que afastan a Xoel e a Helena. Os dous terán que idear mil e unha artimañas para manter viva a intensa amizade que os une.



Los herreros de la luna llena de María Isabel Molina

A pesares da súa xuventude, Iago domina os segredos da forxa e os metais, pero oponse ás prácticas supersticiosas do seu gremio profesional. Como castigo pola súa soberbia, o gremio mándalle percorrer o Camiño de Santiago. A aventura, o amor e o perigo serán só algúns dos seus compañeiros de viaxe.

A táboa da hospitalidade de Xesús Manuel Marcos

A *táboa da hospitalidade* é a segunda entrega da serie *O Brindo de Ouro*, iniciada coa *Chamada do Brindo*, novela pola que Xesús Manuel Marcos obtivo o Premio Merlín 2004. Selmo, o Gardián do Brindo de Ouro, protexe ao seu pobo arxina no Pico de Brío, ata que unha noite chega un guerreiro con novas que trocarán a paz das aldeas e porán ao Gardián nunha encrucillada onde nada é o que parece.



Mil cousas poden pasar. Libro I de Jacobo Fernández Serrano

Os fillos do rei do mar, Neda e Mercurín, caen na conta de que se acerca o aniversario do seu pai, Pindo IV o Tratado, e aínda non teñen agasallo. Na procura dese galano desencadéanse as mil cousas que dan título a obra de Jacobo Fernández Serrano, gañadora do Premio Merlín de literatura infantil 2009. A partir de aí, a narración vains levando ao encontro dunha serie de personaxes insólitos e á sucesión de situacións imaxinativas e disparatadas na cidade de Nil, onde todo é posible, onde o surrealismo é o normal e o absurdo convértese en lóxico.

Desde os 14 anos

Dos velas para el diablo de Laura García Gallego

Cat é unha adolescente que pasou case toda a súa vida viaxando dun lado a outro co seu pai. Cando este é asesinado, ela perde practicamente todo e xura que atopará a quen o fixo e llo fará pagar. Non será unha procura doada, pero Cat non é unha rapaza normal. O seu pai era un anxo, o que significa que só laguen cun poder semellante ao seu podería telo derrotado. E Cat está disposta a pactar cos mesmos demos con tal de averiguar quen foi.



Cuentos de imaginación y misterio de E. A. Poe, ilustracións de Harry Clarke e tradución de J. Cortázar



É unha selección dos mellores relatos de Poe que foi publicada por primeira vez en Londres en 1908. En 1919 publicouse coas ilustracións de Harry Clarke e foi un rotundo éxito de vendas, o que permitiu que aparecese unha segunda edición en 1923, con oito novas ilustracións en cor.

Ás de bolboreta de Rosa Aneiros

Na Luzada, a cafetería de Patricia, conflúen cada mañá os camiños de Manuel, un neno de orixe africana; o de Lola e Eusebio, un matrimonio de persoas maiores; o de Igbal, un rapaz de pais paquistanís; o de Aysel, unha kurda impotente pola indiferencia ante a represión do seu pobo; o dos alpinistas do monte Gurugú; o de dous nixerianos cuxa tía espera que pasen a fronteira e se reúnan con ela; o de Paco e Adolfo...



Ghost girl. El regreso de Tonya Hurley

Que no Máis Aló un teña aínda que facer prácticas, a Charlotte non lle fai ningunha graza. E menos se consisten en coller o teléfono nun centro de axuda para adolescentes problemáticos. Un día recibe a chamada da súa amiga Scarlet: unha pedicura terriblemente torpe deixou a Petula, a súa irmá, en coma. E ademais, Damen, o mozo de Scarlet, parece que volve sentir algo por Petula, aínda que este aínda non o sabe... Tal vez Charlotte sexa a única persoa que poida solucionalo... aínda co risco de precipitar un fatídico final para todos.

Los vampiros de Morganville I: La mansión de Glass de Rachel Caine

Para Claire Danvers, o instituto era o inferno, pero a universidade probablemente será o asesinato. Morganville, Texas, está inzada de vampiros, pero Claire é a rapaza de 16 anos máis intelixente que viu a cidade. Necesitará todas as súas ventaxas para sobrevivir a Morganville... moitas menos que para conseguir unha carreira.



Tres metros sobre el cielo e Tengo ganas de ti de Federico Moccia

Do autor de *Perdona si te llamo amor*, temos estas dúas novelas, gran éxito editorial deste italiano, nas que se conta a historia de amor de Step e Babi, un amor máis aló de todas as convencións, como uns Romeo e Xulieta contemporáneos en Roma, un escenario que parece creado para o seu amor.